

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2015-2016

PROVISIONAL

FINAL DATA: 11 de setembro de 2017

DATOS DO TÍTULO	
Denominación do Título	Grao en Tradución e Interpretación
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Filloxía e Tradución
Resultado do proceso de seguimento	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (C) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación Xeral do Resultado:


Cumprimento do proxecto establecido:

O título continúa a ter demanda e interese, está establecida e as súas competencias son claramente identificadas. Aínda que o SGIC do centro foi xa certificado, cumpre seguir avanzando na súa implantación así como o establecemento de obxectivos que impliquen os axentes (profesorado, alumnado, etc.) A máis participación das/os estudantes nos órganos colexiados e enquisas e sen dúbida unha boa sinal na que se debería seguir traballando. É tamén importante realizar análises específicas que da titulación por parte da dirección para adaptar as accións de mellora a mesma.

Plan de melloras do título:

Cumpre engadir todas as recomendacións realizadas por o avaliador externo da ACSUG no plan de melloras. Moitas delas renderán resultados a medio ou longo prazo polo que o seu establecemento debería ser prioritario.

Vigo, a 11 de setembro de 2017



Xosé María Gómez Clemente
Director da Área de Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

- Conforme excelente** **Conforme** **Non Conforme**

 A **B** **D**
 C

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	C
Información e Transparencia	C
Sistema de Garantía de Calidade	B
Recursos Humanos	C
Recursos Materiais e Servizos	D
Resultados de Aprendizaxe	C
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	C

Plan de Melloras

Desenvolvemento	C
Seguimento	C
Coherencia	D

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
1.- Guías docentes das materias. Fonte: Docnet e Memoria da titulación	<p>Comprobar que as guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente teñen os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente correctamente cumprimentados nas dúas linguas e valorar se información é coherente coa memoria da titulación. (indicar neste campo as materias elixidas)</p> <p>Se houbo algún apartado sen información ou información incoherente, pódese comprobar ata 6 materias e verificar se é un erro sistemático ou puntual</p> <p>Suxestión de valoración Non conformidade: Incumprimento xeneralizado de polo menos un campo</p> <p>Descrición da avaliación: En xeral a confección das materias impartidas é completa e nas dúas linguas oficiais. Tense detectada a presenza no listado de materias coa súa guía non cuberta (p.e. as materias de códigos V01G230V01903, V01G230V01920, V01G230V01937). As fichas destas materias non están completadas probablemente porque non se ofertan. Se isto é así, non deberían figurar no listado activo en DocNet.</p>

2.- Informe de Coordinación Fonte: SGIC	<p>Analizar no rexistro do SGIC “R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación” (Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0201 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza) os mecanismos de coordinación docente.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora</u>: Hai mecanismos incompletos de coordinación.</p>
	<p>Descrición da avaliación: O centro dispón de evidencias nas que parece iniciarse o proceso de revisión das competencias da titulación. Este proceso parece xurdir da elaboración das guías docentes para a súa aprobación en xunta de centro (e motivado por recomendacións de obrigado cumprimento por parte da ACSUG) é positivo e debe ser valorado. Máis aínda parece que hai moito no que traballar: as enquisas de satisfacción das/os estudantes amosan resultados sempre por debaixo da media do centro. Son especialmente baixos nos aspectos de organización temporal das materias, horarios ademais da coordinación entre materias. Non está claro se o centro ten establecido mecanismos de coordinación que permitan abordar este tipo de tarefas que está a demandarse e que xa se destacou no proceso de renovación da acreditación. A adopción de medidas que impliquen a coordinación de metodoloxías e harmonización de competencias non afectan en ningún caso a liberdade de cátedra pois non implican, en ningún, caso adoutramento.</p>

1.1.1 Valoración do Criterio:

1 Organización e Desenvolvemento C

1.1.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Organización de coordinación	Establecer mecanismos de coordinación horizontal e vertical na titulación. As accións de coordinación deben evidenciarse en actas que recollan os acordos.	

1.1.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

Evidencias	Descrición
3.-Páxina web da Universidade, centro ou título	<p>Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.) Horarios, aulas e calendarios de exames. Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.) Informe de revisión pola dirección
	<p>Suxestión de valoración</p> <p><u>Recomendacións para a mellora:</u> Información incompleta e non moi accesible dalgunha cuestión.</p>
	<p>Descrición da avaliación:</p> <p>Hai información relativa a:</p> <ul style="list-style-type: none"> normativa, comisións de avaliación, proxectos e convocatorias do TFG horarios, aulas e profesores encargados de cada materia así como as datas de exames en cada convocatoria Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade Informe de revisión pola dirección <p>Non hai o listado do profesorado participante na titulación (nin adscrito ó centro) aínda que si os grupos de investigación e departamentos participantes.</p>

1.2.1 Valoración do Criterio:

2 Información e Transparencia

C

1.2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Listado de profesorado na páxina Web	Na páxina Web do centro (ou no enlace a titulación) cumpre describir o profesorado participante na titulación, área a que pertence e breve resume do seu CV relacionado coa docencia a que se vincula.	

1.2.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
4.- Actas do último curso da Comisión de Calidade: <i>Fonte: Evidencia 5 do Auto informe de Avalía</i>	Comprobar nas actas que hai asuntos tratados na Comisión de calidade que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...)
	<p>Suxestión de valoración</p> <p><u>Fortaleza:</u> Evidenciase nas actas que os asuntos tratados na comisión xorden da implantación e son útiles para a mellora da calidade da titulación.</p> <p>Descrición da avaliación:</p> <p>Non se incorporan na documentación as actas da Comisión de Calidade, senón os acordos para a organización do TFG. En calquera caso, éstas son accesibles na web aínda que de forma non moi transparente pois non se visualiza a data da reunión, senón un código. Nas actas reflíctese que a Comisión de Calidade ten funcións ben definidas e estase a identificar como unha ferramenta esencial na mellora da/s titulación/s.</p>
5.- Documentación do SGIC <i>Fonte: SGIC</i>	Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada. <ul style="list-style-type: none"> • TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.) • Horarios, aulas e calendarios de exames. • Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade • Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.) • Informe de revisión pola dirección
	<p>Suxestión de valoración</p> <p><u>Recomendacións para a mellora:</u> Información incompleta e non moi accesible dalgunha cuestión.</p> <p>Descrición da avaliación:</p> <p>O centro dispón de procedementos para o PAT e promoción das titulación. Tense, sen embargo, detectado certo retraso no rexistro das evidencias correspondentes ó curso sometido a seguimento, pois as máis recentes almacenadas no SGIC corresponden ó 2014/15.</p>

1.3.1 Valoración do Criterio:

3 Sistema de Garantía de Calidade **B**

1.3.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Rexistros no SGIC	Actualizar os rexistros dos informes do PAT e promoción das titulacións no SGIC	
Recomendacións para a mellora	Páxina Web	Mellorar o acceso as actas da Comisión de Calidade de xeito que se especifique claramente a data da comisión	

1.3.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións

Consideración do equipo avaliador

Modifícase a valoración Si Non

Xustificación:

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
6.- Plan de Ordenación Docente <i>Fonte: Evidencia 15 do Auto informe de Avalía</i>	<p>Analizar na evidencia N°15 do auto informe o número e a categoría do profesorado, e se o número de profesores por materia e razoable.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Distribucións de profesorado por materias ou a categoría do profesorado mellorable.</p> <p>Descrición da avaliación: En conxunto á distribución do profesorado participantes na titulación é razoable e similar a das outras titulacións do centro aínda que a porcentaxe do número de sexenios potenciais acadados no profesorado é a mais baixa do centro. Segue a ser cuestionable a gran cantidade de diferentes profesores/as, deixando de lado os lectores, que participan na docencia de algunhas materias (algo xa posto de manifesto na comisión avaliadora da renovación da acreditación). Non parece terse feito nada a este respecto aínda que é posible que sexa unha das posibles razóns dos problemas de coordinación que se demanda dende o alumnado.</p>
7.- Resultados da EAD <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados as enquisas de avaliación da docencia e no informe de revisión pola dirección</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou non acadar as metas asociadas non haber asociados accións de mellora.</p> <p>Descrición da avaliación: No informe de revisión a dirección do centro fai unha análise xeral dos resultados da titulación no que se detectan xa algúns dos aspectos no que as/os estudantes fan tamén referencia nas enquisas de satisfacción e que se refiren a planificación, desenvolvemento e adquisición de competencias nalgunhas materias da especialidade Español-Inglés. Os resultados das EAD para esta especialidade están por debaixo do resto e desde logo da media dos resultados do centro. Non sabemos se estamos a tratar un problema de toda a especialidade ou dalgunha materia en particular porque non se analiza as materias ó detalle. Sen este análise, nin a Comisión de Calidade nin a Xunta de Centro terán información para actuar en consecuencia..</p>

1.4.1 Valoración do Criterio:

4 Recursos Humanos

C

1.4.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Análise de POD	Distribución do número de docentes por materia e correlación con problemas detectados de coordinación	
Recomendacións para a mellora	Análise de EAD	Análise dos resultados do EAD en materias de especialidade	

1.4.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
<p>8.- Enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas</p> <p><i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou con resultados insuficientes e non en todos os campos.</p> <p>Descrición da avaliación: A dirección fai soamente unha análise xeral das enquisas de satisfacción por parte das/os estudantes aínda que o estado de satisfacción dos estudantes desta titulación parece ser bastante diferente do resto. En xeral, todas as preguntas son peor valoradas (de xeito que están sempre por debaixo da media), pero no caso das preguntas relacionadas coas aulas e aulas de informática son as máis baixas do centro. Nótese que a diferenza do curso anterior o número de enquisas cubertas é a máis alta tamén do centro (35%) o que fai o resultado significativo.</p>

1.5.1 Valoración do Criterio:

5 Recursos Materiais e Servizos D

1.5.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
<p>Non Conformidade</p> <p>Recomendacións para a mellora</p>	<p>Realizar a análise detallada e transversal comparativa dos resultados da enquisa de satisfacción</p>	<p>Soamente faise unha análise xeral das enquisas de satisfacción do estudantado, aínda que o estado de satisfacción dos estudantes desta titulación parece ser bastante diferente do resto de titulacións do Centro.</p>	

1.5.3 Alegacións presentadas:

<p>Descrición das alegacións</p>	<p>Consideración do equipo avaliador</p>
	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
9.- Listaxe de Traballos Fin de Grado/Mestrado <i>Fonte: Evidencia 24 do Auto informe de Avalía</i>	Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Hai unha distribución de cualificacións razoable. Descrición da avaliación: Hai unha distribución de cualificacións razoable. Con todo, sen comprobar os traballos, non se pode determinar que esta tendencia se deba a unha aplicación desigual dos criterios de avaliación.
10.- Indicadores por materia <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	Valorar a análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia no <u>informe de revisión pola dirección.</u> Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes. Descrición da avaliación: A reflexión dos indicadores por materia é moi xeral e incompleta. Non se analizan os resultados en materias nas que por outra parte se detecta insatisfacción ou non bos resultados nas EAD

1.6.1 Valoración do Criterio:

6 Resultados de Aprendizaxe

C

1.6.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Análise dos indicadores por materia		

1.6.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
<p>11.- Enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados das diferentes enquisas de satisfacción no informe de revisión .</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores insuficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: No informe de revisión pola dirección faise unha análise moi xeral dos resultados das enquisas de satisfacción de todos os títulos. Esta metodoloxía non é suficiente pois non permite salientar as peculiaridades de cada titulación. En concreto para o presente caso, todas as respostas nas enquisas de satisfacción das/os estudantes mostran resultados moi por debaixo da media do centro.</p>
<p>12.- Resultados asociados á política e obxectivos de calidade <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados dos indicadores asociados a política e obxectivos de calidade que integran o SGIC no <u>informe de revisión pola dirección</u>.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou os resultados non acaden as metas e non xorden accións de mellora.</p> <p>Descrición da avaliación: Hai unha reflexión incompleta ou os resultados non acaden as metas e non xorden accións de mellora. Ten que destacarse a evolución da duración media dos estudos que parece aumentar do 4,19 no curso 2013/14 ó 4,58 no curso 2015/16. Ningún destes aspectos son analizados no informe de revisión. Debe notarse que este indicador foi establecido como indicador de calidade do centro.</p>
<p>13.- Resultados académicos globais <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i>.</p>	<p>Valorar os resultados globais da titulación no informe de revisión pola dirección</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: A análise dos datos académicos globais parece excesivamente optimista no sentido de que se considera que estase a producir unha evolución positiva. Nembargante o aumento gradual do tempo medio necesario para producirse a graduación.</p>

1.7.1 Valoración do Criterio:

7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento C

1.7.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Análise de resultados	Cumpre realizar unha análise completa dos indicadores de calidade definidos pola titulación. É tamén necesario a consideración de factores como o tempo medio de estudos para tomar as medidas correctoras adecuadas.	

1.7.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input checked="" type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse as accións desenvolvidas, o seguimento das accións dos cursos anteriores e a coherencia entre estas accións e os resultados do título, así como as accións levadas a cabo para dar resposta ás recomendación para a mellora establecidas nos distintos informes de avaliación externa.

Cuestións	Descrición
1.- Desenvolvemento Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<p>Ver no epígrafe “1. Valoración do cumprimento” o número e a importancia dos puntos febles atopados. Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2... <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai algúns puntos febles atopados que non teñen accións de mellora asociada.</p> <p>Descrición da avaliación: Na análise da titulación os responsables teñen detectado puntos febles importantes que se reflectiron en accións de mellora con variado grao de cumprimento. Son exemplo o grao de participación do sector de estudantes nos órganos colexiados da Facultade, o establecemento de dinámicas de coordinación entre materias e cursos.</p> <p>Non se detectan puntos de discrepancia na titulación respecto ó resto da Facultade e que se reflecten nun menor grao de satisfacción das/os estudantes desta titulación fronte o restos dos graos e que teñen que ver coa organización temporal dos estudos e orientación na propia titulación.</p>
2.- Seguimento As accións de mellora que xurdiron o curso pasado desenvolvéronse de forma axeitada	<p>Valorar o grao de cumprimento e os resultados acadados das accións de mellora do curso pasado. Valorarase de xeito especial aquelas que xurdiran de procesos de avaliación externa.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Non se evidencia un seguimento dalgunhas accións de mellora que non son de procesos de seguimento externo.</p> <p>Descrición da avaliación: Aínda que algunhas accións de mellora figuran como completadas non se definen con indicadores de execución ou evidencias documentais (por certo a data de revisión en algunha delas é inintelixible). Así p.e. non sabemos cando se pode considerar iniciada a acción de mellora de ficha número 2 (“Suspensión da aplicación do decreto Wert”) ou a 4 (“Introdución dun factor de corrección para equilibrar as tarefas docentes do profesorado dos distintos graos”) que son de ámbito institucional pero</p>

	tampouco as que son do ámbito interno do centro/titulación e que implica a acción activa do profesorado como é a acción nº 1 (“Insistencia na “cultura da calidade”...”).
3.- Coherencia As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	<p>Analizar se os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora.</p> <p>Analizar se as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora</p> <p>Analizar se os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora</p> <p>Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2...
	<p>Suxestión de valoración</p> <p><u>Non conformidade:</u> As accións de mellora de xeito xeral non son capaces de solucionar o problema (Responsables inadecuados, prazos moi largos ou curtos, accións que non resoven o problema....etc.).</p>
	<p>Descrición da avaliación:</p> <p>Boa parte das accións de mellora propostas consisten na celebración de reunións nos que se “insiste” na bondade de determinada actitude, forma de traballo ou participación. Sen entrar a valorar o traballo e que isto implica (que é moito) e que probablemente só implica ó equipo director, non parecen dar os resultados desexados.</p> <p>Un exemplo é os derivados de falla de coordinación entre o profesorado. Neste punto, non consta que se teñan confeccionado accións reais e que impliquen a todos os/as interesados/as na titulación como podería ser o nomeamento de coordinadores de curso, creación de comisións de coordinación, etc..</p>

2.1 Valoración do Criterio:

Desenvolvemento	C
Seguimento	C
Coherencia	D

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Accións de mellora	As accións de mellora deben ter asignado os indicadores de execución	
Non Conformidade	Accións de mellora	Boa parte das accións de mellora propostas consisten na celebración de reunións, que probablemente só implican ó equipo director, e non parecen dar os resultados desexados	

2.3 Alegacións do Plan de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: